

V CONCURSO DE POSTAIS  
DE NADAL 2016  
CONCELLO DE BEGONTE

INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS DO AUTOR/A

DNI: .....

IDADE: .....

CATEGORÍA: .....

AUTORIZACIÓN PAI/NAI OU TITOR

NOME E APELIDOS

DNI: .....

DIRECCIÓN: .....

POBOACIÓN: .....

TELÉFONO/MÓBIL: .....

Lin e acepto as bases do V Concurso de Postais de

Nadal 2016 do Concello de Begonte e autorizo ó

autor/a inscrito a participar neste concurso.

En....., ..... a ..... de 2016

Sinatura

Cortar pola liña e adxuntar co traballo.

O CONCELLO  
DESÉXAVOS  
UNHAS  
FELICES FESTAS  
E UN  
PRÓSPERO ANO  
2017



Concello de  
Begonte

Pza. Irmáns Souto Montenegro, nº1  
Begonte-27373 (LUGO)  
Telf. 982 39 61 43

info@concellodebegonte.es  
www.concellodebegonte.es



V CONCURSO  
DE POSTAIS  
DE NADAL  
2016



# BASES DO CONCURSO



## 1. PARTICIPANTES

Poderán participar neste concurso os/as nenos/as interesados, de acordo coas seguintes categorías:

- ◆ Categoría A - de 3 a 6 anos.
- ◆ Categoría B - de 7 a 10 anos.
- ◆ Categoría C - de 11 a 14 anos.
- ◆ Categoría D - de 15 a 18 anos.

## 2. TEMA

A temática da postal será alusivo ó Nadal.

No caso de que a postal conteña texto, éste deberá estar escrito en galego.

As postais,deberán ser inéditas e confeccionadas polo/a concursante.

## 3. TÉCNICA E SOPORTE

A técnica é libre, poderán utilizarse pinturas, témperas, rotuladores, ceras, acuarelas, goma espuma, cintas, botóns, etc. O material de soporte pode ser papel, cartulina, cartón, etc.

Estarán prohibidos os deseños dixitais e impresos de calquera tipo.

## 4. TAMAÑO

O tamaño da postal será en **A5 (14.85 x 21cm)**,en formato horizontal ou vertical, sen dobrar.

## 5. PRAZO DE PRESENTACIÓN E LUGAR

As postais deberán entregarse persoalmente ou enviarse por correo postal, as oficinas do Concello de Begonte ou a Casa da Cultura de Begonte, antes do **14 de decembro do 2016**.

Éstas deberán entregarse dentro dun sobre pechado, indicando no exterior “V Concurso de Postais 2016” e a categoría na que participa. E no seu interior, será obrigatorio incluír a ficha de inscrición , cá autorización asinada polo pai/nai ou titor.

## 6. XURADO DE VALORACIÓN

O xurado encargado de valorar e decidir sobre os traballos premiados será proposto pola Alcaldía ou a persoa en quen éste delegue, estando éste composto por un mínimo de 3 persoas.

O xurado, constituído ao efecto, elexirá tres postais por cada categoría, podendo declarar deserta algunha das categorías ou dos premios de cada categoría.

O fallo do xurado será inapelable, e éste emitírase antes do 19 de decembro, reflexándose na acta correspondente. Así mesmo, éste queda facultado para tomar a decisión que considere oportuna ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nestas bases.

## 7. CRITERIOS DE VALORACIÓN DO XURADO

O xurado á hora de valorar terá en conta os criterios especificados nas bases, en canto ó tamaño, tema, e ademáis:

- \* Calidade e innovación.
- \*Creatividade, orixinalidade e armonía na disposición dos elementos da postal.
- \* Materiais empregados e complexidade.
- \* Idade dos participantes en relación á autoría da postal presentada.
- \* O significado da postal en relación ó tema proposto e mensaxe.

## 8. NOTIFICACIÓN DOS GAÑADORES

A/O premiado/a, notificaráselle a súa condición a través do número de teléfono que facilite. Tamén será publicado na páxina web do concello.

## 9. PREMIOS

Os premios consistirán nun diploma e un vale canxeable por material didáctico valorado nos seguintes importes:

Categoría	1º Premio	2º Premio	3º Premio
A:de 3 a 6 anos	60€	40€	30€
B:de 7 a 10 anos	60€	40€	30€
C:de 11 a 14 anos	60€	40€	30€
D:de 15 a 18 anos	60€	40€	30€

O vale deberá ser canxeado antes do 1 de outubro de 2017.

Entre as postais premiadas,o concello poderá, se o estima oportuno, seleccionar unha para que sirva como felicitación de nadal . De ser o caso o concello fará mención o/a gañador/a.

O acto de entrega dos premios terá lugar o día da Cabalgata de Reis, no Pavillón de Begonte.

Os traballos expoñeranse na Casa da Cultura ata 31 de xaneiro.

## 10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases.

As postais quedarán en propiedade do Concello de Begonte, que poderá expoñelas, publicalas e editalas en forma de material divulgativo en calquera acción que realice, facendo constar sempre o nome do autor/a.

Os/as participantes, responsabilízanse na súa totalidade de que non existen dereito de terceiros, así como toda reclamación por dereitos de imaxe.

No obstante, o concello comprométese a devolver os traballos non premiados a petición do/a interesado/a, a partir do 6 de Febreiro de 2017.